


PROXECTO LECTOR

CEIP MESTRE MARTÍNEZ ALONSO



2022-2026

ÍNDICE

1.INTRODUCCIÓN	3
2. ANÁLISE DA SITUACIÓN DA LECTURA E DA ESCRITURA NO CENTRO.....	3
Prácticas lectoras e escritoras do alumnado: Plan lector e escritor anual	3
Identificación de logros e dificultades.....	4
Análise das metodoloxías empregadas.	4
Recursos materiais e humanos: situación da biblioteca escolar e outros recursos.	6
Existencia, función e organización da biblioteca escolar:.....	7
Achegas da biblioteca escolar, e os seus recursos materiais e humanos, á consecución das competencias básicas do alumnado.....	8
Necesidades de formación do profesorado neste ámbito.	9
3. OBXECTIVOS, FUNDAMENTOS E ORGANIZACIÓN.....	9
Formación de lectores/as competentes.	9
Creación e consolidación de hábitos de lectura	9
Proceso lector. Características dos lectores competentes na sociedade da información. Literacidade. Competencia en comunicación lingüística.	10
Lectura de todo tipo de textos, en todo tipo de soportes, con todo tipo de finalidades.....	12
Organización de espazos e tempos. Creación de ambientes lectores	13
A biblioteca escolar como recurso imprescindible e factor de compensación social.	16
Recursos culturais do entorno.	16
Coordinación do proxecto e participación de todo o profesorado.....	17
Modo de organización.....	17
Modo de difusión e apoios necesarios.	18
4. INTERVENCIÓNS QUE CÓMPRE SISTEMATIZAR.	18
Ensinanza de estratexias de comprensión lectora en todas as áreas.	18
Fomento de hábitos de lectura en todas as áreas.	21
Actividades de educación documental (educación en información).....	22
Integración das TIC.	23
Implicación das familias e do entorno.....	24
5. CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.....	26
Elaboración de instrumentos.....	26
Definición das fontes de información a empregar para esta avaliación	26

1. INTRODUCCIÓN

O presente documento recolle as liñas polas que as prácticas lectoras e escritoras deberán guiarse no noso centro. Será a referencia para a redacción anual do Plan de prácticas lectoras e escritoras para educación infantil e primaria.

Este é un documento deseñado para ser avaliado a medio prazo. Neste caso será revisado polo claustro en catro cursos académicos de xeito que se poidan rectificar os apartados ou aspectos que se considere.

Neste proxecto lector expónse a necesidade de adaptar a aprendizaxe da lectura e da escritura ao contexto histórico e social actual. As novas formas de lectura con novos soportes supoñen un reto aos centros escolares e requiren do profesorado a modificación e adaptación de metodoloxías.

Os documentos de referencia para a realización deste proxecto son os seguintes:

- ✓ Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece o currículo de educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ✓ Decreto 150/2022, de 8 de setembro, polo que se establece o currículo de educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ✓ Orde ECD/65/2015, de 21 de marzo, por a que se describen las relaciones entre las competencias , los contenidos y los criterios de evaluación de la educación primaria, la educación secundaria obligatoria y el bachillerato.
- ✓ [Proxecto lector de centro: anexo IV](#)
- ✓ [Manifiesto UNESCO/IFLA Sobre la Biblioteca Escolar](#)

2. ANÁLISE DA SITUACIÓN DA LECTURA E DA ESCRITURA NO CENTRO.

Prácticas lectoras e escritoras do alumnado: Plan lector e escritor anual

As prácticas lectoras e escritoras do alumnado recolleranse anualmente ao principio de curso no documento Plan Anual de Lectura. Estas prácticas lectoras e escritoras terán as seguintes características:

- Farán referencia a todas as áreas do currículo.
- Tentarán desenvolver as competencias clave para a etapa de primaria e infantil.
- Abarcarán diferentes soportes (analóxico, dixital...)
- Terán en conta as peculiaridades do grupo para as que son deseñadas.
- Terán en conta as peculiaridades particulares do alumnado do grupo:
 - Alumnado con ACI.
 - Grupos flexibles.
 - Alumnado asistente á aula de apoio.

- Alumnado con superdotación.
- Alumnado inmigrante.

Identificación de logros e dificultades.

En relación cos logros acadados en relación coa lectura destacamos os seguintes:

- Actitude moi positiva por parte do alumnado cara ás actividades de animación á lectura e de alfabetización informacional levadas á cabo no centro.
- Valoración da biblioteca de centro como banco de recursos que progresivamente ampla e diversifica as temáticas dos materiais e o tipo de soporte dos mesmos.
- Diversificación dos materiais das bibliotecas de aula.
- Presencia das prácticas lectoras e escritoras do centro en internet a través dos blogs que funcionan no centro.

Entre as dificultades atopadas en relación ás prácticas lectoras e escritoras do noso alumnado detectamos as seguintes:

- Necesidade de mellorar a comprensión lectora do alumnado.
- Necesidade de mellorar a comprensión de enunciados para a resolución de actividades.
- Necesidade de mellorar a expresión escrita do alumnado.
- Necesidade de diversificar as lecturas abandonando á narrativa para abarcar novos tipos de lecturas: lecturas informativas, lectura e comprensión de instrucións...
- Necesidade de diversificar as prácticas escritoras abandonando o papel central do conto para coñecer e realizar textos informativos, instrucións, descrições, informes...

Análise das metodoloxías empregadas.

Educación Infantil:

Na etapa de Educación Infantil aplícase un método global cun enfoque cosntrutivista. Pensamos que é un enfoque adecuado para iniciar ao alumnado na lecto-escritura.

A partires do coñecemento do seu propio nome introducimos aos nenos/as no mundo das letras maiúsculas, dado que son letras moito máis doadas de facer dende o punto de vista da grafo-motricidade, e polo tanto moito máis motivadoras.

Educación Primaria: 1º e 2º

A esta idade temperá, a motivación é o factor que máis axudará aos nenos/as a desenvolver a súa lecto-escritura. Por iso se empregan o uso de contos sinxelos e xogos atractivos para aumentar o seu gusto pola lectura e escritura.

Algunhas das metodoloxías empregadas son:

- Xogos de palabras e fonemas.
- Observación de láminas de linguaxe e audición de contos relacionados coas mesmas.
- Lecturas colectivas en voz alta. Repetición dalgunhas delas por parte do profesorado coa entoación e expresividade axeitada.
- Lecturas individuais e silenciosas nos libros de texto seguidas de exercicios de comprensión lectora e realización das actividades correspondentes.
- Uso do ordenador e tabletas: información, xogos...
- Dado un pequeno conxunto de letras, sílabas, palabras, ou frases: riscar, rodear, copiar, subliñar... o que se indique.
- Escritura de pequenas frases a partir dunha ou dúas palabras.
- Exercicios de escritura.
- Creación de contos, pequenos poemas, adiviñas, descrições...

Educación Primaria: 3º e 4º

En 3º e 4º o alumnado afianzará a súa capacidade para expresarse oralmente e por escrito. Os alumnos/as comprenderán que as súas producións orais e escritas permítenlles interactuar cos demais.

Nestes cursos demostrarán a súa capacidade de comprensión lectora á hora de enfrontarse a diferentes tipos de textos: narrativos, informativos, poéticos, etc.

Comprobarán que a lectura e a escritura son ferramentas básicas que calquera persoa ten que dominar para poder mellorar a aprendizaxe.

As prácticas lectoras e escritoras que se realicen irán dirixidas á consecución dos aspectos citados.

Educación Primaria: 5º e 6º

En 5º e 6º de Primaria o alumnado móstrase, en xeral, cada vez máis autónomo á hora de demostrar as súas habilidades comunicativas tanto a nivel oral como escrito. As prácticas escritoras pretenden fomentar a consolidación da ortografía e a produción de textos escritos sinxelos, tanto en soporte papel como dixital.

As prácticas lectoras están enfocadas cara a dous aspectos:

- 1) Afianzar a lectura a nivel oral traballando a pronunciación, o ritmo, a entoación e a acentuación.
- 2) Mellorar a capacidade de localizar e extraer a información sobre temas de interese.

Recursos materiais e humanos: situación da biblioteca escolar e outros recursos.

A continuación salientamos os recursos humanos e materiais dos que dispón o centro en relación coas prácticas lectoras e escritoras.

Recursos materiais:

- *Biblioteca Escolar*

Neste momento a biblioteca escolar conta cun fondo bibliográfico duns 8.300 exemplares renovados froito dos expurgos anuais e da adquisición periódica de novos fondos bibliográficos. Estes materiais están a disposición do alumnado, do profesorado e das familias do centro. Así mesmo, as bibliotecas de aula poden realizar préstamos anuais dos citados fondos.

A biblioteca dispón de espazo para traballo en pequeno grupo, lectura individual e recuncho de lectura informal, dun espazo creativo (dispón de mesa de luz, telar, Legos, Robot Cubeto e Ozobot, lápiz 3D, Caixas parlantes, grabadoras, Kit Makey Makey e un Globo terráqueo interactivo) e de 3 postos informáticos con conexión a internet, auriculares para uso individual e un canón de proxección.

Cada titoría de primaria dispón de dúas sesións semanais e unha en infantil para utilizar a biblioteca de centro.

Tamén o alumnado de primaria pode gozar da Bibliopatio un día á semana, na que se pon á súa disposición varios fondos para ler na hora do patio.

- *Bibliotecas de Aula*

Todas as aulas dispoñen dunha biblioteca de aula para o seu uso dentro da mesma cun número variable de exemplares.

Todas as aulas dispoñen así mesmo dun ordenador con conexión a internet.

- *Aula de informática*

O colexio dispón de aula de informática, onde están situados 14 notebooks con conexión a internet. Cada aula dispón de unha hora semanal no seu horario para o uso da mesma.

- *Pizarras dixitais*

As aulas de educación primaria e educación infantil contan cada unha delas cun encerado dixital.

- *Tabletas*

O colexio dispón de 80 para usar nas aulas o que permite realizar actividades de lectura dixital e de procura e tratamento da información.

Recursos humanos:

Os recursos humanos que realizan labores dentro da biblioteca escolar son os seguintes:

- *Coordinadora da biblioteca escolar*

A coordinadora dispón de horario específico para realizar as actividades derivadas da coordinación e así mesmo participa no equipo de apoio. Participa así mesmo nas reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

- *Equipo de biblioteca*

Confórmase con representantes de tódos os niveis (infantil e primaria) e realiza reunións periódicas ao longo do curso para organizar as actividades da biblioteca escolar.

- *Claustro*

Todo o claustro participa no deseño anual das prácticas lectoras e escritoras de xeito que impliquen a todas as materias e incidan no logro de todas as competencias básicas recollidas no currículo.

Así mesmo o claustro aproba este documento e o revisará no prazo establecido.

- *Responsable de TICs*

Encárgase de contribuír no desenvolvemento do Plan dixital concebido como un instrumento para mellorar o desenvolvemento da competencia dixital da comunidade educativa así como tamén do mantemento dos equipos informáticos.

Existencia, función e organización da biblioteca escolar:

No colexio existe unha biblioteca escolar cun espazo de 100m² aproximadamente dedicado exclusivamente a esta función e dispón de:

- Aproximadamente 8300 fondos catalogados.
- 3 postos informáticos con conexión a internet.
- Espazo creativo.

- Espazo para traballo en pequeno grupo, lectura individual e recuncho de lectura informal.
- Proxector e equipo de altofalantes para realizar proxeccións.

A función da biblioteca é a de centralizar e clasificar todos os recursos lecto-escritores do centro. Así mesmo desde a biblioteca deséñase un proxecto anual que inclúe actividades de animación lectora e de alfabetización informacional (formación de usuarios/as e procura de información).

A biblioteca funciona en horario escolar para o uso das titorías e en horario extraescolar no cal está aberta a toda a comunidade educativa.

Os fondos da biblioteca organízanse segundo a CDU adaptada ás etapas de infantil e primaria. A xestión dos fondos lévese a cabo co programa BIBLIO.

Achegas da biblioteca escolar, e os seus recursos materiais e humanos, á consecución das competencias básicas do alumnado.

- A biblioteca escolar está comprometida coa diversificación de materiais que ofertar aos seus usuarios. Anualmente o equipo de biblioteca establece uns criterios de adquisición de novos fondos de xeito que se vaian cubrindo paulatinamente as carencias. (Competencia Matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría)(Competencia cidadá) (Competencia plurilingüe)
- A biblioteca escolar dispón de andeis específicos para tratar temáticas de sensibilidade social (recuncho das emocións e da igualdade e andel das linguas da escola) (Competencia cidadá)
 - A B.E. dispón dunha zona de ordenadores con conexión a internet e acceso aos diferentes blogs do centro para uso do claustro e do alumnado. (Competencia dixital)
 - No proxecto de B.E. anual deséñanse actividades específicas para a formación de usuarios/as e de procura de información. (Competencia persoal, social e de aprender a aprender) (Competencia emprendedora)
 - Ao longo do curso prográmanse actuacións e proxeccións en relación a diferentes datas sinaladas (día da paz, día da poesía, tradición oral...) (Competencia en conciencia e expresión culturais)

- Dentro do proxecto anual da biblioteca deséñanse actividades de lectura e expresión escrita, así como de animación á lectura. (Competencia en comunicación lingüística)

Necesidades de formación do profesorado neste ámbito.

As necesidades básicas de formación céntranse nos seguintes ámbitos:

- ✓ Coñecemento e dominio das tecnoloxías da información e da educación aplicadas á lectura e á ensinanza.
- ✓ Dominio do soporte dixital para a escritura e a lectura e das súas características.
- ✓ A lectura e a expresión escrita máis alá dos textos narrativos.

3.OBXECTIVOS, FUNDAMENTOS E ORGANIZACIÓN.

Formación de lectores/as competentes.

O obxectivo principal das actividades lecto-escritoras do centro en todas as áreas será a formación de lectores competentes, entendendo por lectores/as competentes quenes cumpran as seguintes características:

1. Utilizan o seu coñecemento previo para darlle sentido á lectura.
2. Monitorean a súa comprensión durante todo o proceso da lectura.
3. Toman os pasos necesarios para corrixir os erros de comprensión unha vez que se dan conta que interpretaron mal o lido.
4. Distinguen o esencial nos textos que len.
5. Resumen a información cando len.
6. Realizan inferencias constantemente durante e despois da lectura.
7. Son capaces de elaborar preguntas relacionadas co texto.

Creación e consolidación de hábitos de lectura

Nas enquisas aplicadas ao alumnado conséntase que á inmensa maioría dos nenos e nenas lles gusta “moito ou moitísimo” ler, visitan a biblioteca escolar pola súa conta con frecuencia e a lectura de libros é unha actividade habitual para eles.

Seguir creando e consolidar este hábito lector será obxectivo fundamental en aquelas actividades dirixidas ao fomento da lectura e para acadalo deseñaranse actividades que cumpran as seguintes características:

1. Deberán ter en conta a capacitación do alumnado lector.
2. Deberán atender aos intereses dos nenos e nenas.
3. Deberán ter unha extensión e dificultade asumible polos lectores.

Proceso lector. Características dos lectores competentes na sociedade da información. Literacidade. Competencia en comunicación lingüística.

A continuación descríbense brevemente 5 aspectos fundamentais acerca da lectura e dos lectores/as.

▪ *Proceso lector:*

O proceso lector é o resultado da interacción de tres elementos: o texto, o contexto e o lector. Estes tres aspectos van a condicionar coas súas aportacións as construcións do significado despois dunha lectura.

Atopámonos pois con que cada lector vai comprender un texto de acordo aos seus coñecementos previos e vivencias persoais, á súa capacidade intelectual ou cognitiva, etc. Con tal motivo á hora de realizar as prácticas lectoras atenderemos a estas circunstancias sen que sexan impedimento para tentar acadar cada vez maiores niveis de obxectividade con respecto aos textos.

O proceso lector ten dous momentos fundamentais:

Atenderemos nun primeiro momento á comprensión lectora. (daremos prioridade á comprensión e non á velocidade de lectura)

En segundo lugar procuraremos a creación a partir do texto lido, é dicir tentaremos que o alumnado aporte ao texto, o enriqueza e o recree.

▪ *Características dos lectores competentes na sociedade da información:*

É unha realidade que o entorno dixital é o contexto no que xa se moven os nosos alumnos/as. A sociedade do coñecemento esixe as seguintes características a un lector competente:

1. Ser capaz de acceder por si mesmo/a aos textos.
2. Poder ler diferentes textos.
3. Ter criterio para interpretalos.
4. Ter capacidade ademais para discriminar entre a abundante información que se lle ofrece a diario en distintos soportes.

▪ *Literacidade:*

A cada etapa histórica lle corresponde un xeito de ler e de escribir. A pesar de que tanto a lectura como a escritura son actividades individuais todas as sociedades elaboran pautas comúns para os seus membros.

Na actualidade e no contexto sociocultural do noso centro as prácticas lectoras e escritoras non poden obviar unha nova realidade: a lectura dixital ou electrónica. Esta circunstancia non implica esquecer o soporte papel pero sí obriga a afrontar un novo reto para o claustro que adquiriu a súa competencia lectora, escritora e literaria nun contexto de literacidade ben diferente protagonizado única e exclusivamente por soportes analóxicos.

Esta literacidade electrónica implica varios aspectos que deben ser obxecto das prácticas relacionadas coa lectura que se vaian levar a cabo no colexio:

1. Saber ler e interpretar a información en contextos de hipertextualidade e intertextualidade.
2. Coñecer novas fontes de información: dicionarios, enciclopedias on-line, páxinas web.
3. Interpretar a información procedente de pantallas dixitais nos diferentes contextos: museos, caixeiros, teléfonos, cines...

▪ *Competencia lectora:*

A competencia lectora consiste na capacidade de comprender, utilizar e analizar textos escritos para alcanzar os obxectivos do lector, desenvolver os seus coñecementos, posibilidades e participar na sociedade. Comprender un texto implica: o procesamento da información por parte do lector e a reflexión sobre o texto para empregalo cunha gran variedade de propósitos.

▪ *Competencia en comunicación lingüística:*

Para desenvolver esta competencia no noso alumnado teremos que conseguir que este sexa capaz de comprender un texto nos seus aspectos formais e conceptuais. Esta competencia require así mesmo desenvolver nos nenos/as un hábito lector significativo.

En resumen e con respecto aos fundamentos, este proxecto lector define as liñas para conseguir lectores competentes no contexto dunha sociedade da información e no entorno dunha literacidade na que conviven soporte dixital e analóxico.

Os novos lectores deben encontrar no ensino primario o escenario para adquirir e consolidar o hábito lector e iniciarse na súa competencia literaria.

Temos pois que a competencia en comunicación lingüística é a resulta da suma da lectura intensiva e da lectura extensiva.

Aprender a interpretar é o obxectivo formativo último do proceso da educación literaria e da formación da competencia en comunicación lingüística do alumnado. A lectura da literatura require da actividade de reconstrución do significado e a interpretación esixirá do noso alumnado ser capaces de atribuír á lectura unha valoración persoal, é polo tanto un momento posterior á comprensión do texto.

Lectura de todo tipo de textos, en todo tipo de soportes, con todo tipo de finalidades.

As prácticas lectoras e escritoras que se programen anualmente atenderán á maior variedade de textos posibles, empregaranse todo tipo de soportes e se incluírán todo tipo de finalidades de xeito que se intente acadar unha competencia lectora plena.

- ✓ Procurarase a lectura e interpretación de todo tipo de textos:
 - Lectura e interpretación de textos narrativos.
 - Lectura e interpretación de textos poéticos.
 - Lectura e interpretación de textos informativos.
 - Lectura e interpretación de textos xornalísticos.
 - Lectura e interpretación de imaxes.
 - Lectura e interpretación de instrucións.
 - Lectura icónica.
 - Lectura hipertextual.
 - Lectura e interpretación de etiquetas (envases, roupa).
 - Lectura e interpretación de pictogramas.
 - Lectura e interpretación de publicidade.
 - Lectura táctil (braille).

- ✓ Os tipos de lectura anteriores realizaranse en todo tipo de soportes:
 - Soporte papel: libro, instrucións, envases, carteis...
 - Soporte dixital: cd-rom, cd, dvd, lectura en línea, lectura en libro electrónico, lectura en encerado dixital...

- ✓ As prácticas lectoras incluírán todo tipo de finalidades:
 - Lectura silenciosa e individual.
 - Lectura rápida para extraer unha primeira idea do texto.
 - Lectura oral para compartir cos demais.

- Lectura informativa para satisfacer a nosa necesidade de saber.
- Lectura explorativa.
- Lectura comprensiva.
- Lectura crítica para cuestionar o que lemos.
- Lectura recreativa.
- Lectura literaria.

Metodoloxías máis axeitadas.

- ✓ Educación Infantil e 1º e 2º de primaria.

Na iniciación á lecto-escritura (educación infantil e 1º e 2º de primaria) empregarase o método globalizado ou o método fonético dependendo do responsable da titoría. Ao marxe do método será fundamental aplicar unha metodoloxía activa que atenda aos intereses do propio alumnado.

- ✓ Nas aulas de 3º, 4º, 5º e 6º de primaria

Unha vez adquirida a mecánica lectora e escritora, aplicaranse as seguintes estratexias para consolidar e mellorar a capacidade lectora e escritora:

- Elaboración de proxectos de procura de información para as diferentes áreas.
- Resolución de webquest.
- Publicacións nos blogs.
- Elaboración de libros e posterior incorporación aos fondos da biblioteca de aula ou da biblioteca escolar.

Organización de espazos e tempos. Creación de ambientes lectores

- ✓ *Ambientes lectores.*

No centro procurarase a creación de ambientes lectores que proporcionen aos membros da comunidade educativa (especialmente no alumnado) a oportunidade de ler de xeito satisfactorio.

Estableceranse espazos de lectura formal e informal procurando transcender do espazo clásico do aula.

- ✓ *Espazos e tempos.*

Espazos: habilitaranse espazos atractivos, organizados e sistematizados coa finalidade de proporcionar ocasións das máis diversas formas de lectura para os membros da comunidade educativa.

- Biblioteca de centro.
- Biblioteca de aula.
- Biblioteca do patio:"Bibliopatio"
- Biblioteca particular.
- Recunchos lectores.

Os nenos/as dispoñen en educación infantil para a creación dun ambiente lector da **biblioteca do centro** (ao igual que o resto dos alumnos/as do colexio), e da **biblioteca de aula**.

A biblioteca de aula está dotada con libros propios da idade dos nenos/as para facilitarlles o gusto e desfrute dos mesmos. Parte dos libros desta biblioteca están á libre disposición dos nenos/as e outra parte dos libros resérvanse para levar o fin de semana para casa e lelos coa familia.

Así mesmo a propia rutina da **aula** en educación infantil está enfocada para a creación dun ambiente lector, empregando os diferentes espazos da mesma.

Os nenos/as traballan co método construtivista polo que continuamente as actividades están enfocadas a:

- Lectura do seu nome e dos nomes dos seus compañeiros/as
- Coñecemento das letras que compoñen o seu nome e o dos seus compañeiros/as.
- Recoñecemento e lectura dos días da semana, dos meses do ano, lectura da data...
- Identificación e lectura de diferentes carteis que se empregan para indicar os recunchos, os materias da aula, obxectos...
- Recoñecemento e lectura de títulos de contos
- Recoñecemento e lectura de personaxes dos contos: mosca chosca, a princesa do courel, Iriña bailarina...
- Reprodución de contos, poesías...

Para traballar a maior parte destas actividades emprégase dentro da aula o **espazo de asemblea** e o **recuncho das palabras** ao que pertence a biblioteca escolar.

Tempos: tal e como require o currículo establecerase un tempo mínimo de lectura diario, entendendo que este pode e debe ser ampliado.

De feito no centro está instaurada a "Hora de ler", que se considera como unha sesión máis dentro do horario lectivo e consiste en que despois do recreo, dende as 12'00 h. ata as 12'20 h. todo o centro dedica ese tempo a ler.

A organización da actividade lévaa a cabo o profesorado responsable da mesma segundo as características do alumnado.

Ademais da "Hora de ler", segundo o nivel de cada alumnado, cada aula engade tempo de lectura que organiza das seguintes maneiras:

- Educación Infantil:

Tendo en conta que a metodoloxía en educación infantil é globalizada fóra da "Hora de Ler" non podemos falar dun tempo concreto para o fomento da lectura, xa que isto en realidade o engloba todo.

Cando os nenos/as chegan á escola, dedicamos un tempo na **aseblea** no que traballamos as actividades que previamente se explicaron.

Tamén dispoñen dun tempo os nenos/as que traballen no **recuncho das palabras**, tanto con actividades relacionadas coa lecto-escritura como co uso e disfrute dos libros da biblioteca propio deste recuncho.

En cinco anos as mestras dedícanlle un **tempo individualizado** a cada neno/a para traballar a lecto-escritura.

O alumnado de educación infantil tamén lle dedican o fin de semana tempo ao fomento da lectura co libro que teñen que ler coa familia na casa.

Ademais cada titoría de Educación Infantil conta con unha sesión semanal de uso da B.E.

- 1º e 2º de Educación Primaria:

Cada titoría dispón de dúas sesións semanais de uso da biblioteca escolar nas que se dedicará, como mínimo, 30 minutos, en cada unha das mesmas, á lectura silenciosa e individual co obxectivo de respectar a velocidade lectora individual de cada nena/o.

Nestes niveis tamén se debe dar importancia ó traballo da lectura modélica por parte do profesorado nun primeiro momento e do alumnado despois.

Por outra banda, estes dous niveis de primaria participan nos 20 minutos diarios de lectura na "Hora de ler".

Así mesmo, as titorías poden acceder ao recuncho de informática e ao uso das tabletas polo que está garantido o acceso á lectura en soporte dixital.

Nas áreas de linguas e de ciencias principalmente estableceranse tempos flexibles para a práctica lectora.

Especialmente nas áreas de linguas reservarase tempo específico para a realización de lecturas colectivas.

- 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria:

Cada titoría dispón de dúas sesións semanais de uso da biblioteca escolar nas que se dedicará, como mínimo, 30 minutos, en cada unha das mesmas, á lectura silenciosa e individual co obxectivo de respectar a velocidade lectora individual de cada neno.

Nestes niveis tamén se importancia o traballo da lectura modélica por parte do profesorado nun primeiro momento e dos alumnos despois.

Por outra banda estes dous niveis de primaria participan nos 20 minutos diarios de lectura na “Hora de ler”.

Así mesmo as titorías poden acceder ao recuncho de informática e ao uso das tabletas polo que está garantido o acceso á lectura en soporte dixital.

Nas áreas de linguas e de ciencias principalmente estableceranse tempos flexibles para a práctica lectora.

Así mesmo, nos niveis de 5º e 6º ofértase a posibilidade de asistir aos clubs de lectura que se organizan desde a biblioteca escolar.

A biblioteca escolar como recurso imprescindible e factor de compensación social.

A biblioteca escolar ten que ser un centro de recursos organizado e sistematizado ao servizo de toda a comunidade educativa, especialmente para aquelas familias con menos recursos. Neste espazo terán un lugar destacado as novas tecnoloxías e unha oferta de materiais actuais.

A biblioteca debe ser un factor máis de compensación social dentro do colexio.

As dificultades para asistir á biblioteca en horario extraescolar no noso colexio obriga a optimizar o uso da mesma en horario escolar por parte de todas as titorías, xa que esta é a única oportunidade para parte do alumnado de acceder a este tipo de recursos.

Con respecto a este punto desde o colexio fomentárase:

- A asistencia á biblioteca escolar en horario extraescolar.
- A realización de préstamos con frecuencia.
- O uso das horas semanais destinadas para cada titoría na biblioteca de centro.
- A visita a bibliotecas do entorno.

Recursos culturais do entorno.

Xa indicamos con anterioridade que o proceso lector implica tamén os coñecementos previos dos que dispón o lector. Desde o colexio procurárase o encontro do alumnado e das familias cos recursos culturais que oferta o entorno máis próximo, fomentando o coñecemento do seu funcionamento, as actividades que ofertan e na medida do posible o seu contacto persoal a través de saídas organizadas ou visitas virtuais.

Algúns dos recursos culturais que oferta o entorno son os seguintes:

- *Biblioteca Municipal.*

O concello oferta unha biblioteca municipal pero é imprescindible o transporte para poder achegarse a ela, esta situación provoca que o número de usuarios/a da mesma entre o noso alumnado sexa excepcional.

- *Outras bibliotecas municipais.*

Pola situación xeográfica temos relativamente próximas as bibliotecas municipais de Redondela e de Porriño pero tamén é imprescindible o transporte.

- *Escola de Música Municipal.*

O concello oferta unha escola municipal de música á cal asisten certo número de alumnado do noso colexio.

- *Centro Cultural.*

Tamén existe un centro multiusos onde o concello realiza diversas actividades culturais ao longo do ano de xeito gratuíto e aberto a todos os públicos. Normalmente o concello envía información periódica das mesmas co horario e o contido de xeito que as familias estean informadas.

- *Conservatorios de outros concellos.*

En dous concellos limítrofes existen conservatorios e escolas de música municipais.

Coordinación do proxecto e participación de todo o profesorado.

O proxecto foi coordinado pola responsable da biblioteca escolar e nel participou todo o claustro. Periodicamente realizáronse reunións de todo o profesorado para discutir, redactar e modificar os diferentes apartados deste proxecto, garantindo así a participación de todos os membros do claustro.

Modo de organización.

A revisión deste proxecto lector foi realizada por todo o claustro. Ao inicio do curso foi enviado a todo o profesorado o documento anterior para a súa lectura e modificación se fora preciso.

Actualizáronse datos, modo de organización das aulas e outros aspectos que foron variando ao longo destes catro anos de vixencia do antigo proxecto lector. O proxecto foi aprobado nunha reunión de claustro.

Modo de difusión e apoios necesarios.

O proxecto lector de centro difundirase entre toda a comunidade educativa a través dos seguintes mecanismos:

- Publicación en liña no blog da biblioteca e na páxina web do centro.
- Aprobación do mesmo no claustro e entrega impresa e a través do correo electrónico a todo o profesorado.
- Inclusión do mesmo no proxecto curricular de centro.
- Entrega do mesmo ás persoas representantes da ANPA.
- Presentación do proxecto no consello escolar.

O repertorio de estratexias de comprensión lectora que os mestres deben proporcionar ao alumnado terá en conta que estas deben permitirlles acceder á textos de diferentes características: literarios, expositivos, icónicos...

Así mesmo o profesorado terá en conta á hora de programar as prácticas lectoras que estas estratexias deben aplicarse en todas as áreas do currículo.

4.INTERVENCIÓNS QUE CÓMPRE SISTEMATIZAR.

Ensinanza de estratexias de comprensión lectora en todas as áreas.

Este apartado é fundamental xa que ata o momento as estratexias de comprensión lectora centrábanse practicamente en exclusividade nas áreas das linguas. O novo marco educativo esixe un esforzo importante por parte do profesorado de ampliación de estratexias lectoras e escritoras aplicables agora a todas as áreas do currículo.

O claustro ten a obriga de proporcionar estratexias ao alumnado para converterse en lectores competentes en todo tipo de textos:

- ✓ **Textos literarios** relacionados coas áreas de linguas, atención educativa e educación relixiosa.
- ✓ **Textos expositivos** relacionados coas áreas de matemáticas, ciencias da natureza, ciencias sociais, linguas, atención educativa, educación física, plástica e visual, música e danza.
- ✓ **Textos con contido lóxico/matemático** relacionados co área de matemáticas.
- ✓ **Lectura de símbolos, imaxes, instrucións, láminas ou carteis** relacionados con todas as áreas.

A continuación preséntase o repertorio de estratexias para aplicar nos tres momentos principais da lectura: antes, durante e ao finalizar a mesma.

ESTRATEGIAS ANTES DA LECTURA

As estratexias a aplicar antes da lectura estarán dirixidas a xerar no lector unha actitude positiva cara ao texto e a establecer relación entre os seus coñecementos previos e o contido do mesmo.

- Identificar no libro datos do estilo: autor/a, ilustrador/a, colección, serie, reseña, biografía dos autores/as...
- Establecer relación con outros libros do autor/a ou ilustrador/a, outros títulos da mesma colección...
- Establecer un pequeno diálogo sobre os coñecementos previos do tema (posibles películas relacionadas, documentais).
- Situar xeograficamente o contido.
- Buscar en internet información sobre os autores/as.
- Establecer relacións coa biblioteca persoal do alumnado.
- Establecer relación coa biblioteca de centro (buscar libros do mesmo autor/a, ilustrador/a, xénero...).
- Identificar o xénero e o tipo de lectura (ficción, expositivo, poesía, narrativa, teatro...)
- Establecer hipótese sobre o contido e as personaxes a partir da información da cuberta.
- Ler e comentar o índice de contidos.
- Ler e comentar os títulos dos capítulos.
- Visualizar vídeo antes de abordar a lectura.
- Conversar sobre os coñecementos do tema central da lectura.
- Dramatizar situacións.
- Recompilar aportacións sobre a portada do libro.
- Inventar un capítulo a partir do título antes da lectura do mesmo.
- Falar dos gustos persoais na elección das lecturas.
- Crear motivación e interese sobre o que se vai ler ou contar con preguntas, adiviñas, predicións, canción ritual para a hora da lectura....
- Realizar xogos co título: inventar outro variando as palabras pero mantendo o ritmo do mesmo, a cadencia sonora...
- Facer un debuxo a partir do título.
- Seleccionar contos e lecturas que partan dos interese dos nenos, dos contidos traballados nas distintas áreas, das festividadeas que se celebren, que fomenten a igualdade e a non discriminación por raza, sexo, crenzas...

ESTRATEGIAS DURANTE A LECTURA

As estratexias que se proporcionen ao alumnado neste momento servirán para confirmar ou non as predicións realizadas no inicio da lectura, reconducir a lectura ou establecer novas suposicións sobre o tramo final.

- Lectura individual e silenciosa por fragmentos.
- Procura no dicionario do vocabulario que non se comprende.
- Lectura en voz alta por parte do alumnado.
- Lectura en voz alta por parte do profesor/a.
- Preparación de fragmentos para ser lidos corrixindo erros e facendo fincapé na entoación adecuada.
- Aportar dinamismo á lectura resaltando a acción, empregando onomatopeas...
- Adaptar o relato ao alumnado máis pequeno: aumentar detalles, ir máis rápido ou máis lento para reclamar a atención dos oíntes.
- Analizar a relación entre texto e ilustración.
- Facer preguntas de comprensión ao longo da lectura.
- Lectura en voz alta combinando fragmentos por parte do alumnado e do profesorado.
- Ilustrar o fragmento máis significativo ata o momento de cada un dos lectores/as.
- Realizar pequenos resumos oralmente para volver a situar aos lectores cando a lectura se divida en días diferentes.
- Predicir a continuación dun capítulo ou dun fragmento do texto.
- Comentar as características particulares dos principais protagonistas e prever a súa evolución na historia.
- Realizar (oral ou por escrito) a descrición física e psicolóxica das personaxes aínda que non apareza no texto, tal e como imaxinamos que poden ser.
- Analizar e comparar os resultados da actividade anterior.
- Propoñer solucións a conflitos que aparecen no texto, comparar a nosa solución coa do autor/a.
- Localizar nun parágrafo categorías gramaticais.
- Analizar sintáctica e morfoloxicamente algunha oración do texto lido.
- No caso dos textos de carácter informativo analizar se ata o momento o texto resolve ou non as inquietudes ou dúbidas que nos motivaron a escóllelo para lelo.
- Debuxar aos protagonistas.
- Abandonar a lectura se esta non nos gusta.
- Transformar textos escritos en icónicos ou musicais e viceversa.
- Realizar lecturas dramatizadas con máscaras, monicreques...
- Acompañar a lectura con recursos sonoros e musicais.

ESTRATEGIAS DESPOIS DA LECTURA

Neste momento a persoa lectora deberá aplicar estratexias que analicen o grao de comprensión do lido, que lle confirmen que a lectura modificou dalgún xeito os seus coñecementos. O lector deberá realizar actividades de uso e transformación da información adquirida e de ampliación da súa literacidade.

- Realizar ou completar esquemas con palabras e debuxos que recollan a información máis importante.
- Completar oracións a partir da información obtida na lectura.
- Facer resumos a partir de imaxes secuenciadas referidas a un texto.
- Aplicar a información lida a actividades prácticas.
- Ordenar ilustracións na orde da narración.
- Explicar oralmente as sensacións tras a lectura.
- Responder a un cuestionario referido á lectura.
- Comentar oralmente as impresións persoais dos textos lidos.
- Ilustrar poemas, adiviñas...
- Debuxar o inicio, nó e desenlace dunha historia.
- Ilustrar os capítulos e elaborar un novo libro coas imaxes.
- Cambiar o desenlace dunha historia.
- Xogar coas palabras, letras, oracións das lecturas.
- Expoñer aos oíntes dúbidas sobre a lectura.
- Cuestionar ou valorar o comportamento das personaxes ou propoñer variacións das súas conductas.
- Representar un texto memorizado.
- Dramatizar unha historia (teatro, monicreques...); poñer voces aos personaxes, imitalos...
- Caracterizarnos como as personaxes da historia.
- Decorar un espazo da escola (aula, corredor, biblioteca) con motivo dunha lectura.
- Relacionar a lectura coas súas vivencias persoais.
- Visionar películas baseadas en obras literarias ou con referencias á literatura e á lectura.

Fomento de hábitos de lectura en todas as áreas.

Tradicionalmente a lectura quedaba reducida ás áreas de linguas, na actualidade estamos obrigados a considerar o fomento de hábitos de lectura en todas as áreas. Para conseguir este obxectivo seguiranse as seguintes liñas de actuación:

- Habilitaranse momentos e espazos para a lectura en todas as áreas usando os recursos que aportan a biblioteca persoal, a de aula e a escolar.
- Seleccionaranse materiais concretos en diferentes soportes para todas as áreas que conformarán a biblioteca escolar e a de aula.
- Na etapa infantil fomentárase o emprego da biblioteca de aula tendo en conta o recuncho de xogo e o recuncho de traballo da mesma.
- Na etapa infantil organizarase ao alumnado en pequenos grupos para o uso e goce deste espazo que favoreza o intercambio de ideas, contos...
- Na etapa infantil seleccionaranse documentos en soporte papel e dixital que aporten información ou literatura sobre os proxectos trimestrais.
- Presentar o libro como un obxecto lúdico que fomenta a imaxinación, a fantasía e a súa creatividade.
- Realizaranse orientacións ás familias para diversificar as lecturas en casa.
- Construír un repertorio persoal de partituras de distintas cancións (instrumentais, vocais, dramatizadas...) que nos axuden a fomentar a lectura musical.
- Buscarase información nos medios de comunicación escrita que poidan establecer relación co currículo.
- Programaranse actividades para todas as áreas do currículo relacionadas coa lectura (lecturas colectivas, informativas...)
- Elaboraranse itinerarios lectores que recollan os materiais que o profesorado considere indicado para cada ciclo ou nivel.
- Recompilar información (distintas fontes) da vida e obra dun autor/a elixido/a. Elaborar un mural a partir da información recompilada.
- Preparar unha exposición oral con diferentes recursos para o resto do alumnado tras organizar a información adaptándoa ás súas idades.

Actividades de educación documental (educación en información).

Dentro das propostas lectoras e escritoras estarán aquelas referidas a educación documental. Crear lectoras/es competentes na selección e tratamento da información.

As actividades de educación documental abarcarán actividades dirixidas á formación de usuarios/as e ao tratamento da información e que posuirán as seguintes características:

Formación de usuarias/as

Serán aquelas actividades destinadas a formar ao alumnado na selección e manexo dos documentos máis axeitados (tanto en soporte papel como dixital). Serán actividades encamiñadas á:

- Dominar a organización dos fondos da biblioteca escolar e de aula.
- Localizar as fontes de información que oferta a escola (biblioteca escolar, de aula, libro de texto, aula de informática...)
- Identificar os distintos tipos de recursos informativos que oferta o colexio.
- Aplicar criterios para a selección dos materiais máis axeitados.
- Dominar os recursos online que o centro oferta.
- Coñecer a CDU pola que se organizan as bibliotecas.

Tratamento da información

Deseñaranse actividades que buscan a capacitación do alumnado para un uso crítico das diversas fontes informativas que abarquen tres pasos fundamentais:

- Procura de información: a actividade poñerá ao lector/a en situación de buscar información nos recursos informativos dados.
 - Discriminar a información da ficción.
 - Elección do material axeitado: diccionario para buscar un significado, mapa para localizar un lugar...
- Selección da información máis relevante: así mesmo a actividade obrigará ao lector/a a seleccionar a información máis relevante.
- Producción de nova información: finalmente a actividade precisará do lector-escritor un produto final a partir da información buscada e seleccionada. Este produto final poderá realizarse nos formatos máis diversos posibles e en diferentes soportes (papel, dixital...)

Integración das TIC.

Resulta obrigado a integración das tecnoloxías da información e da comunicación nun proxecto lector que queira ser realmente útil e que responda ás necesidades que a sociedade actual, cada vez máis dixitalizada demanda.

As liñas de actuación serán as seguintes:

- Programación de actividades de formación de usuarios no uso dos recursos informáticos dispoñibles no centro.
- Manexo de programas informáticos sinxelos para o alumnado de primaria: Word, paint, power point.
- Realización de lecturas en soporte dixital con hipertextualidade.
- Utilización de programas informáticos para a gravación en audio de diferentes lecturas. Audacity, moovie maker...
- Selección de recursos on-line para a formación teórica do profesorado.
- Selección de recursos on-line para a realización de actividades lectoras: contos dixitais.

- Selección de recursos on-line para a realización de actividades de búsqueda e selección de información: dicionarios e enciclopedias on-line, webquest, búsquedas do tesouro....

Implicación das familias e do entorno.

Desde o centro deseñaranse actividades que impliquen as familias e ao entorno. Entendendo que a creación e consolidación do hábito lector non pode acadarse única e exclusivamente desde o colexio. É preciso unha implicación do contexto socio familiar .

Dende o colexio existen varios ámbitos desde os cales é posible propoñer a implicación das familias e do contorno social.

A continuación comentaremos as posibilidades que ofertan a Biblioteca Escolar, os correspondentes ciclos de Infantil e Primaria e os órganos de goberno do centro.

- *Biblioteca escolar:* Desde a biblioteca de centro poden e deben deseñarse actividades que impliquen ás familias e ó entorno sociocultural do colexio. De feito na programación anual da biblioteca recóllense varias destas actividades: Mochilas viaxeiras, actividades anuais, apertura ao uso dos recursos da biblioteca, edición e difusión entre as familias da escola de guías de lectura, recomendacións para as familias, participación nas reunións de inicio de curso, publicación na rede das actividades da biblioteca, comunicación vía aplicación Abalar das actividades desenvolvidas na B.E. participación nas xornadas de tradición oral no 1º trimestre e solicitude anual a través de enquisa da opinión das familias con respecto ao funcionamento da propia biblioteca de centro.
- *Titorías:* a continuación enuméranse as actividades que por niveis poden ser obxecto de actuación para lograr unha maior implicación das familias e do entorno na adquisición e consolidación do hábito lector.
 - Educación Infantil:
 - ✓ Dende a biblioteca as familias se implican no fomento da lectura coa Mochila viaxeira, Conto viaxeiro.
 - ✓ Tamén a nivel de aula os nenos/as levan todos os fins de semana un libro que ten que ser lido polos pais.
 - ✓ Cos proxectos que se traballan se lle pide ás familias que colaboren aportando contos ou material relacionados cos proxectos a traballar.

- ✓ Levar para a casa libros tanto da biblioteca de aula como da biblioteca do centro, implicando ás familias en dita lectura.
 - ✓ Orientar a pais e nais sobre comportamentos axeitados para fomentar dito hábito na vida cotiá do neno/a; A estas idades imitan todos os comportamentos, e se as familias adican tempo a ler, os nenos e nenas tamén o farán. Comprarlle contos en lugar doutros xoguetes non lúdicos, lerlle un conto todas as noites antes de durmir...
- 1º e 2º de Educación Primaria:
- Para que as familias se impliquen na mellora da lectura e escritura dos seus fillos suxírense as seguintes actividades:
- Lectura en voz alta por parte do alumnado na casa.
 - Lectura de contos por parte das familias aos nenos/as.
 - Facilitar diferentes soportes (banda deseñada, contos, soporte dixital...)
 - Interese e participación dos pais/nais polas actividades propostas dende a escola (Mochila viaxeira, Conto viaxeiro...)
 - Fomento do uso do biblioteca para consulta e préstamo fóra do horario escolar.
- 3º e 4º de Educación Primaria:
- Implicar ás familias na elaboración de actividades de tipo intelectual ou lúdico. Estas actividades poden ser:
- Participar na confección dun libro viaxeiro que despois se regalaría á biblioteca.
 - Acompañar aos seus fillos e fillas a elixir un libro nunha librería, pero nunca impondo un título en particular.
 - Pedir que lle lean en voz alta.
 - Motivar para que formen a súa propia biblioteca.
 - Motivar a que participen nas actividades das bibliotecas públicas non só de Mos, se non tamén dos concellos próximos: O Porriño e Redondela.
 - Procurar que os seus fillos e fillas teñan un ambiente adecuados na casa, para que cando lean e escriban se sintan cómodos/as.
 - Favorecer o uso de Internet para a obtención de información.
 - Fomentar o uso da biblioteca fora do horario escolar.

- 5º e 6º de Educación Primaria:
No último ciclo de primaria aplícanse as seguintes medidas:
 - Ao comezo de curso e nas distintas reunións de titorías recomendamos ás familias que colaboren en todo o proceso de aprendizaxe e sobre todo, na mellora da súa expresión e comprensión lectora.
 - Cando observemos un problema puntual de lecto-escritura solicitamos a colaboración das familias para que axuden a solucionar ese problema e damos as pautas para recorrer un camiño común.
 - Pedimos a compra dun libro en lingua galega e outro en lingua castelá para levar a cabo a lectura colectiva.
 - Recomendamos participar no manexo de dicionarios, CD, páxinas webs,... para reforzar as ensinanzas na casa.
- *Órganos de goberno do centro:* desde os órganos de goberno do centro poden levarse a cabo actuacións neste mesmo senso como poden ser a difusión entre as persoas que conforman o ANPA e dos/as representantes de pais e nais no Consello Escolar do Proxecto Lector de Centro (PLC), do Plan Anual de Lectura (PAL) e a respectiva memoria do mesmo.

5.CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.

Elaboración de instrumentos

Elabórese un cuestionario para a avaliación deste proxecto destinado ás familias.

Aplicáranse ademais as enquisas para o profesorado e o alumnado.

Definición das fontes de información a empregar para esta avaliación

Tomaranse como modelo os cuestionarios suxeridos pola Asesoría de Bibliotecas Escolares da Consellería de Educación. (Seguir os vínculos para acceder aos documentos).

[Avaliación da comprensión lectora](#)

[Cuestionario sobre usos da biblioteca escolar e hábitos de lectura \(alumnado de primaria\)](#)

[Enquisa profesorado](#)

[Cuestionario sobre a situación da biblioteca escolar](#)

(Todos os subliñados deste proxecto lector teñen un enlace para ler en formato dixital o documento ao que fai referencia o texto ou a fonte de onde foi resumida a información.)

En Mos a 21 Outubro de 2022